

domicilio desconocido, expido, asino e selo a presente notificación en Verín, o 24 de setembro de 1998.- A SECRETARIA. Asdo.: Belén Iglesias Refoyo.

R. 5.012

XULGADO DE INSTRUCCIÓN Nº 2 VERÍN

Por medio do presente escrito e en virtude do acordado pola SSª na resolución do día da data, dictada nas previas 570/1998, seguidas neste Xulgado por lesións en tráfico, dictouse auto de arquivo provisional coa parte dispositiva que textualmente di:

A SSª accorda: "Incóense dilixencias previas e, ó mesmo tempo, acordo o arquivo provisional das actuacións, sen prexuízo da súa reapertura se no prazo de seis meses, contados a partir da data do feito, se presentase denuncia por parte dalgún dos prexudicados e ofendidos.

Envíeselle oficio á Agrupación de Tráfico da Garda Civil, co fin de que informe a este Xulgado sobre un domicilio coñecido en España no que os lesionados poidan ser notificados.

Esta resolución non é firme e contra ela cabe recurso de reforma que haberá de interpoñerse no prazo de tres días a partir da súa notificación.

Así por este auto dispono, mándao e asínao dona Lourdes Soto Rodríguez, xuíza do Xulgado de Instrucción nº 2 dos de Verín e o seu distrito xudicial, do que dou fe".

E para que así conste e se insira no BOP, co fin de que lles sirva de notificación a Josege de Jesús Vieira Algibaia, María Manuela Rebouco da Silva Algibaia e Caterina Algibaia, con domicilio desconocido, expido, asino e selo a presente notificación en Verín, o 24 de setembro de 1998.- A SECRETARIA. Asdo.: Belén Iglesias Refoyo.

R. 5.010

XULGADO DE 1ª INSTANCIA O CARBALLIÑO

CÉDULA DE EMPRAZAMENTO

Mediante a presente cédula e en virtude do acordado nos autos de declarativo menor contía 00153/1998, emprázase polo termo improrrogable de dez días a José Manuel Barreiro Peña e Rogelio Barreiro Peña, ausentes e en paradiroiro ignorado, co fin de que se presenten nos autos de referencia, seguidos por pedimento de Marta Elena Berreiro Pérez, Rosa Barreiro Rodríguez e Digna Barreiro Rodríguez e contesten á demanda en forma legal, apercibíndolles que de non o facer recaerá sobre eles o prexuízo que proceda en dereito.

E para que o dito emprazamento teña efecto, e para a súa inserción nos lugares públicos de costume, expido, selo e asino a presente cédula no Carballiño, o 10 de setembro de 1998.- A SECRETARIA. Asdo.: Virginia Antón Guijarro.

R. 5.011

XULGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCCIÓN O CARBALLIÑO

CÉDULA DE EMPRAZAMENTO

Mediante a presente cédula e en virtude do acordado nos autos de divorcio contencioso nº 00357/1997, emprázase polo termo improrrogable de vinte días a don Manuel Pérez Alonso, ausente e en paradiroiro ignorado, co fin de que se presente nos autos de referencia, seguidos por pedimento de dona Concepción Nogueira Carneiro e conteste á demanda en forma legal, apercibíndolle que de non o facer recaerá sobre el o prexuízo que proceda en dereito.

E para que o devandito emprazamento teña efecto, e para se insira nos lugares públicos de costume, expido, selo e asino a presente cédula no Carballiño, o 9 de setembro de 1998.

A SECRETARIA. Asdo.: Virginia Antón Guijarro.

R. 5.009

CONCELLOS

RIBADAVIA

Tendo en conta o acordo acadado no Pleno deste Concello na súa sesión ordinaria de data 24 de setembro de 1998, acórdase expoñer ó público o proxecto básico de aparcamento subterráneo baixo a Alameda do Concello, durante o prazo de quince días contados a partir do último anuncio publicado no BOP, para que durante o dito prazo as persoas interesadas poidan analiza-lo seu contido, comparecendo nas dependencias municipais para así presenta-las alegacións que estimen oportunas.

Ribadavia, 25 de setembro de 1998.- O ALCALDE.

R. 10.689

Logo de quedar aprobada definitivamente a Ordenanza municipal de limpeza, publícase o acordo provisional aprobado polo Pleno na súa sesión do 30 de xullo de 1998, que queda elevado a definitivo ó non presentaren reclamacións, así como o texto íntegro da citada ordenanza.

"Ordenanza municipal de limpeza.-

Exposición de motivos.

Mediante a presente ordenanza, o Concello de Ribadavia propónse regular actividades e comportamentos dirixidos á limpeza e utilización de vías e espazos públicos e á recollida de desfeitos e residuos sólidos, co obxecto de conseguirlas axeitadas condicións de pulcritude, ornato urbano e mellora do medio ambiente.

Tendo claro que o concepto medioambiental e de calidade de vida é o inspirador das diferentes iniciativas que neste eido se deben promover dende os poderes públicos, e tendo, así mesmo, claro que a tarefa de coidado e respecto do medio ambiente debe ser impulsada non só dende a persecución do cumprimento

normativo, senón tamén, e como pilar fundamental, dende o fomento de conductas cívicas a través da formación continuada, e sobre todos dos máis pequenos, o Concello de Ribadavia comprométese a promover campañas de formación, difusión e información ós cidadáns, coa intención de concienciar ós veciños sobre a necesidade de protexe-lo noso medio ambiente.

Limpeza das redes viarias e outros espazos.

Capítulo I.

Artigo 1.- A limpeza das redes viarias públicas (rúas, prazas, glorietas, etc) e a recollida dos residuos procedentes desta, efectuarán o servizo municipal competente (o servizo de limpeza) coa frecuencia conveniente para axeita-la prestación do servizo a través da forma de xestión que acorde o Concello conforme á lexislación do réxime local.

Artigo 2.- 1) O Concello poderá requirir-la limpeza de beirarrúas nun largo de 2,5 metros e na lonxitude que corresponde ás fachadas dos edificios, tanto públicos como privados; estará a cargo dos empregados dos predios urbanos, ou persoal destinado pola propiedade inmoble, e a falta de ditas persoas, para tal fin:

a) Os veciños do inmoble nos termos establecidos entre eles, na parte non ocupada polos locais do negocio sitos na planta baixa.

b) Os titulares dos locais de negocio, sitos na planta baixa, na parte correspondente destes.

2) Nos soares, os seus propietarios deberán designar quen executará as prestacións derivadas da devandita obriga.

3) Obrígamamente nos edificios de construción: ó contratista ou propietario do edificio que se constrúe.

4) A limpeza deberá efectuarse, incluso durante días festivos, se fose preciso, na forma en que determina esta ordenanza.

5) O disposto anteriormente non afectará ás relacións contractuais que, de se-lo caso, existan entre particulares polo cumprimento da prestación de limpeza pública aló establecidas, pero as ditas relacións non poderán invocarse fronte á Administración municipal, para excluír ou diminuí-las responsabilidades derivadas do seu incumprimento.

Os propietarios de edificios e soares serán os responsables solidariamente da prestación do servizo de limpeza e poderán ser sancionados pola autoridade municipal, se non se xustifica a adopción de medidas axeitadas para a prestación do servizo con regularidade e continuidade.

Artigo 3.- Quen realice na vía pública operacións de carga e descarga, deberá proceder, cantas veces fose preciso, á limpeza ou lavado complementario das rúas e beirarrúas para mante-la vía pública nas debidas condicións de limpeza e, asemade, sempre que o ordenen os axentes da autoridade municipal.

- Os titulares de establecementos de venda polo miúdo de produtos con envoltorio, alimenticios ou análogos, de consumo ou uso inmediato, os de establecementos ou quioscos de bebidas, así como os concesionarios de tabaco, lotería nacional e ONCE, estará na obriga de instalar papeleiras e recipientes apropiados en sitios visibles á entrada dos seus locais ou preto das súas instalacións, co obxecto de ter sempre limpa a vía pública.

- Os titulares dos quioscos e de licencias de tómbolas, de colocación e estacionamento na vía pública, de mercaderías e outros obxectos ou elementos e de veladores terán a obriga de mantela limpa e varrer tantas veces fora preciso ó día; para tal efecto, a superficie da vía pública concedida considérase ampliada, para os únicos efectos da dita obriga, a dous metros de ancho do seu perímetro.

Artigo 4.- A limpeza dos patios de luces, patios de primeiros ou calquera outra zona común, de conformidade coas normas estatutarias ou acordos tomados para os efectos das respectivas xuntas ou asembleas, será obriga das comunidades de propietarios ou de quen habite no inmovible ou inmovibles colindantes, de se-lo caso.

Artigo 5.- 1) A limpeza de soares e outros terreos de propiedade particular que se atoparan en solo urbano, e non estiveran incluídos no artigo anterior corresponderalle igualmente á propiedade. De non efectuarse así o servizo municipal de limpeza procederá a retirada lixo ou desperdicios a costa daquel sen prexuízo das sancións que lle procedan.

2) O cumprimento da obriga de manter limpos ditos terreos non exime de proceder a valalos.

Artigo 6.- Os residuos obtidos das operacións de limpeza serán depositados en recipientes normalizados, quedando totalmente prohibido depositalos na vía pública.

Capítulo II Actuacións non permitidas.

Artigo 7.- 1) Prohíbese botar á vía pública todo tipo de residuos como papeis, envoltorios ou calquera outro desperdicio ou similar, luxar con augas residuais, cortar leña e acender lume nas rúas e prazas.

Quen transite polas rúas, prazas, xardíns e outros espazos libres e públicos e quixera desprenderse de residuos de pequena entidade, como os anteriormente ditos, empregarán as papeleiras instaladas para tal fin.

2) Os usuarios deberán absterse de toda manipulación sobre os recipientes normalizados, moyelos, envorcalos ou arrincalos, así como calquera outro acto que deteriore a súa presentación ou faga inutilizables o uso para o que están destinados.

Artigo 8.- 1) Queda prohibido realizar calquera operación que poida lixa-las

vías e espazos libres públicos e de xeito especial:

a) Lavar ou limpar vehículos así como trocarlle-los aceites ou outros líquidos.

b) Manipular ou selecciona-los desfeitos ou residuos urbanos.

e) Sacudir tapices, alfombras, esteiras, sabas e demais roupas de uso doméstico en portas, balcóns e fiestras que miren á vía pública.

f) Tender roupas en balcóns, terrazas, fiestras das fachadas principais dos inmovibles cara ás vías públicas.

Só se poderán rega-las plantas colocadas en terrazas ou fiestras entre as 23 e 6 horas da noite. A rega das flores en plantas de adorno ou de xardín cultivado, así como as árbores que carezan de gubia, farase de xeito que non moleste ós peóns.

Artigo 9.- 1) Non se permite realizar actos de propaganda ou calquera outro que supoña lanzar á vía pública carteis, folletos, ou follas soltas.

2) Terá consideración de acto independente para os efectos de sanción cada actuación contraria ó establecido no número anterior, sendo responsables da infracción aquelas persoas físicas ou xurídicas que promovan ou xestionen a publicidade, ou, no seu lugar, e salvo proba en contrario, aquel a quen favoreza esta.

3) Quedará dispensada a propaganda electoral durante os períodos legais habilitados e aquel outros de especial significación política ou de xeral participación cidadá nos que sexa pertinente a realización de actos publicitarios de acordo coas disposicións municipais que se adapten a tales efectos.

Artigo 10.- Os propietarios dos vehículos que transporten terras, entullos, áridos, formigón, cartóns, papeis ou calquera outra materia similar, terán cantas medidas sexan precisas para cubri-los materiais durante o transporte e evitar que, a causa da súa natureza ou por efecto da velocidade do vehículo ou do vento, caian sobre a vía pública auga, po ou parte dos materiais transportados.

Así mesmo, antes de saíren das obras deberán lava-las rodas, baixos e chans dos vehículos, co gallo de impedir que lixen as vías públicas.

Artigo 11.- 1) Cando se fagan pequenas obras na vía pública como canalizacións, tapadas de calas, etc, os sobrantes e refugallos retiraranse dentro das 24 horas seguintes á terminación dos traballos, deixándoos debidamente amontoados de maneira que non se entorpeza a circulación de peóns e vehículos.

2) Nas obras onde se produzan cantidades de refugallos superior a 1 metro cúbico deberá empregarse para a súa almacenaxe na vía pública colectores axeitados, amparados pola correspondente autorización.

Artigo 12.- Como medida hixiénica ineludible, as persoas que conduzan polas vías e espazos públicos cans ou

outros animais procurarán, ademais de levalos prendidos e cumprí-los requisitos previstos pola vixente lexislación, e sempre que non se poida evitar, que estes depositen as feces nos sumidoiros das rúas, debendo neste caso, ser recollidas e deixar limpos os espazos públicos.

Artigo 13.- Os propietarios dos predios, vivendas e establecementos están na obriga de manter en constante estado de limpeza as diferentes partes dos inmovibles que sexan visibles dende a vía pública, de tal xeito que se consiga unha uniformidade na súa estética, acorde co seu contorno.

Artigo 14.- 1) Cando se realice a limpeza de escaparates, portas, marquises, toldos ou cortinas dos establecementos comerciais, adoptaranse as debidas precaucións para non causaren molestias ós transeúntes nin lixa-la vía pública.

2) Iguais precaucións deberán de adoptarse para limpa-los balcóns e terrazas así como a rega-das plantas instaladas neles.

Artigo 15.- 1) Co obxecto de manter as condicións de limpeza e pulcritude que existe a estética da cidade, prohibese:

a) Colocar carteis ou realizar inscricións ou pintadas nas paredes, muros, quioscos, cabinas, fachadas, farolas, verxas, valos, papeleiras, etc.

b) Consideranse excluídos destas prohibicións os bandos da Alcaldía e as comunicacións ou avisos de campañas municipais de interese xeral, debendo ser retirados polo servizo municipal de limpeza, unha vez que produzan os efectos perseguidos.

Artigo 16.- Permitírase colocar carteis durante os períodos electorais nos que sexa pertinente a realización de actos de publicidade, nos lugares que fixe o Concello, debendo colabora-los partidos e asociacións á retirada dos carteis ou demais operacións de limpeza.

Retirada de residuos sólidos.

Capítulo I

Artigo 17.- Consideranse restos e residuos sólidos, conforme ó artigo 2º da Lei 42/1975, do 19 de novembro, os producidos por actividades e situacións domiciliarias, comerciais e de servizos, sanitarias de limpeza urbana, industriais, obras en edificios, abandono de animais mortos, mobles, trastes e vehículos e, en xeral, todos aqueles dos que a recollida corresponda ó Concello, de conformidade coa lexislación vixente.

Artigo 18.- A recollida de residuos sólidos establecerá o servizo municipal competente coa frecuencia e horario que considere oportunos, dando publicidade necesaria para o coñecemento dos veciños.

Artigo 19.- Da recepción dos residuos sólidos farase cargo o persoal dedicado a esta, e quen os entregue a calquera outra persoa física ou xurídica que careza da correspondente concesión ou autorización municipal deberá responder solidamente.

riamente contesta polos prexuízos que se puideran producir por causa daqueles, independentemente das sancións a que houbera lugar.

En ningún caso, nin baixo ningún pretexto, deben entregarse os residuos ó persoal encargado do varrido e rega das rúas.

Artigo 20.- Ningunha persoa física ou xurídica poderá dedicarse á recollida, transporte e aproveitamento dos residuos sólidos, calquera que sexa a súa natureza, sen a previa concesión ou autorización municipal.

Artigo 21.- 1) Cando os residuos sólidos urbanos, pola súa natureza e a xuízo do servizo municipal competente, puideran presentar características que os fagan tóxicos ou perigosos, esixírase ó seu produtor ou posuidor que, previamente á súa recollida, realice un tratamento para eliminar estas características ou que os deposite en forma ou lugar axeitados.

Así mesmo, os produtores ou posuidores de residuos que nolas súas características poidan producir transtornos no transporte e tratamento quedan na obriga de proporcionarlle ó Concello información completa sobre a súa orixe, cantidade e características.

Artigo 22.- Os propietarios ou responsables dos terreos facilitarán o acceso ó local onde estean situados os recipientes normalizados á totalidade dos veciños, do terreo, co fin de que estes poidan depositar os residuos.

Capítulo II. Residuos domiciliarios.

Artigo 23.- 1) Enténdese por residuos domiciliarios os procedentes da normal actividade doméstica así como os producidos nos establecementos comerciais que pola súa natureza e volume sexan asimilables ós anteriores.

2) Os residuos introducíranse en bolsa de abando e impermeables e opacas, trala súa colocación nun recipiente normalizado.

3) O Concello poderá dispor que en sectores ou zonas determinadas se presenten por separado ou se depositen en recipientes especiais aqueles residuos susceptibles distintos aproveitamentos coma papeis, botellas, latas, etc.

4) Prohíbese o verquido ou depósito de todo tipo de residuos, entullos, mobles ou outros trastes en calquera lugar público ou privado do concello, salvo nas condicións estipuladas nesta ordenanza.

Artigo 24.- A presentación dos residuos domiciliarios farase obrigatoriamente no tipo e número de recipientes normalizados que en cada caso sinale o Concello de acordo co volume dos residuos, as características do sector ou vía pública e coa planificación realizada para a recollida e transporte polo servizo municipal competente.

Artigo 25.- As operacións de conservación e limpeza que, de se-lo caso, esixan os recipientes normalizados serán

por conta dos habitantes do predio, cando se trate de edificios destinados a vivenda, e da propiedade cando sexan edificios públicos ou establecementos comerciais debendo uns e outros, en cada caso, destinalas persoas que teñan que realiza-lo cometido.

Artigo 26.- 1) A recollida dos residuos efectuarana os operarios encargados disto a partir da porta do predio ou establecemento comercial e no lugar máis próximo á calzada.

2) Cando se trate de recipientes normalizados non refugados, o persoal do vehículo colector baleirárá o contido dos recipientes no camión e depositará os baleiros onde se atopaban, non lle corresponde, polo tanto, ningunha manipulación dos residuos nin dos recipientes dentro de ningún predio de propiedade pública ou privada.

Artigo 27.- 1) Cando os recipientes que conteñan os residuos sexan colocados na vía pública, na beirarrúa xunta á beira da calzada ou lugar sinalado, esta operación non poderá facerse antes dunha hora do paso do vehículo, sendo recollido en diurno ou antes das 22 horas se é nocturna.

Unha vez baleiros os recipientes non refugables procederase á súa retirada, nun prazo máximo dunha hora, no caso de que a recollida se faga durante o día, agás dos correspondentes a establecementos comerciais que poidan ser retirados no intre de apertura, en todo caso, antes das nove da mañá.

O Servizo municipal competente poderá propo-la modificación dos horarios de recollida de lixo que se lles comunicará ós veciños mediante bando da Alcaldía.

2) Nas edificacións con amplos patios de quinceiro nos cales o portal ou entrada do inmoble se abre a estes patios, é necesario que os vehículos colectores teñan acceso a eles. No caso contrario os recipientes deberanse colocar ó paso do vehículo colector.

Artigo 28.- Nos centros públicos ou privados, vivendas, mercados, galerías de alimentación, centros sanitarios, etc, a retirada dos residuos correrá a cargo do servizo municipal competente, pero non o varrido e a limpeza deste. Estas últimas operacións terán que realizarse coa frecuencia que sexa necesario para mante-los locais nas debidas condicións de salubridade e hixiene.

Artigo 29.- Os supermercados e demais establecementos comerciais que polas súas características xeren entre os seus desperdicios embalaxes, e caixas, depositarán os desfeitos en feixes na beirarrúa, a carón dos colectores e no mesmo horario estipulado para os residuos domiciliarios na zona.

Capítulo III Residuos especiais.

Sección 1ª.- Terras e entullos.

Artigo 30.- 1) Queda terminantemente prohibido depositar nos recipientes normalizados destinados a residuos domici-

liarios os entullos procedentes de calquera clase de obras, en cantidade maior de 0,30 metros cúbicos.

2) Nembargantes, os entullos procedentes de obras que teñan un volume comprendido entre 0,3 e 1 metro cúbico poderán ser retirados polo servizo municipal competente trala petición do interesado ó que lle será pasado o cargo correspondente.

3) Os entullos cun volume superior a un metro cúbico, así como as terras procedentes do baleirado ou movemento de terra, deberán de aliminalas os interesados conforme a portes e vertidos de terras e entullos.

Artigo 31.- 1) Prohíbese depositar nos lugares de dominio público e na rede viaria toda clase de entullos ou lixos procedentes de obras de construción e remodelación de edificios ou de obras realizadas no interior deles sexa na totalidade ou nalgunha das vivendas.

2) Igualmente queda prohibido almacenar na vía pública, fóra dos límites do valado protector das obras, material de construción: area, ladrillos, cemento, etc.

Artigo 32.- 1) Os residuos e materiais do artigo anterior só poderán almacenarse na vía pública en lugares de dominio público utilizando para isto colectores axeitados.

2) A colocación de colectores requirirá autorización municipal e o seu número deberá indicarse nun lugar visible destes, sendo o único elemento de identificación do seu titular.

3) Os colectores deben estar dotados dos dispositivos axeitados que permitan mantelos cubertos cando non sexan empregados, para preservalo ornato urbano e evitar que outras persoas boten naqueles, lixo domiciliario ou trastes inútiles.

4) Cando os colectores se atopen cheos de entullos procederase nun prazo non superior a vinte e catro horas, á súa retirada e substitución por outros baleiros. Para estes efectos os materiais depositados non poderán sobrepasar en ningún caso o plano delimitado polas arestas superiores do colector, estando prohibido o uso de suplementos engadidos para aumenta-la capacidade do recipiente.

Sección 2ª.- Mobles, trastes e obxectos inútiles.

Artigo 33.- 1) Queda prohibido depositar, nos espazos públicos, mobles, trastes e obxectos inútiles para que sexan retirados polos camiões colectores da recollida domiciliaria.

2) As persoas que desexen desprenderse de tales elementos solicitarano do Servizo municipal de limpeza.

Sección 3ª.- Vehículos abandonados.

Artigo 34.- Sen prexuízo das causas de retirada e depósito de vehículos previstos no Código da Circulación, os servizos municipais procederán á retirada dos vehículos situados na vía pública ou terreos adxacentes a espazos libres

públicos sempre que, polos seus signos exteriores, tempo que permanecesen na mesma situación ou outras circunstancias, poidan considerarse residuos sólidos urbanos, como consecuencia da súa situación de abandono.

Artigo 35.- 1) Para os efectos desta ordenanza e no seu ámbito de aplicación, considéranse abandonados aqueles vehículos ou os seus restos, que polos seus signos exteriores non sexan aptos para circular por carecer dalgún dos seus elementos necesarios ou aínda que conteña aparentemente a totalidade destes elementos, tanto os seus evidentes sinais de deterioro, coma o tempo de permanencia en idéntica posición de estacionamento, perminta presumirse a mesma situación de abandono.

2) Exclúense da consideración de abandonados aqueles vehículos sobre os que recaia a orde de mandato xudicial coñecido polo 5.º artigo, para que permanezan na mesma situación aínda que a autoridade municipal poderá recabala adopción das medidas pertinentes en orde ó ornato urbano.

3) Efectuada a retirada e depósito dun vehículo abandonado, conforme ós termos definidos no artigo anterior, o Concello notificará a quen figure como titular no rexistro de vehículos ou a quen resultase se-lo seu lexítimo propietario, na maneira establecida na Lei de procedemento administrativo.

4) Na mesma notificación requirirase ó titular do vehículo para que manifeste se, de acordo co artigo 3.2 da Lei 42/1975, de recollida e tratamento de refugallos e residuos sólidos urbanos, deixa o vehículo ou os seus restos a disposición do Concello que adquirirá a súa propiedade ou, polo contrario, opta por facerse cargo deles para eliminalos conforme ás prescricións da devandita lei, apercibíndoo de que, no caso de silencio durante o prazo indicado, se entenderá que opta pola primeira das posibilidades.

5) Se o propietario do vehículo ou os seus restos fose descoñecido, a notificación indicada efectuarase conforme ás normas xerais.

Artigo 36.- En todo caso os propietarios dos vehículos ou dos seus restos deberán soportar os gastos de recollida, transporte e depósito, sendo o seu aboamento previo nos supostos nos que opte por facerse cargo daqueles conforme ó establecido no número 3 do artigo anterior.

Artigo 37.- Calquera persoa poderá comunicarlle ó Concello ou ós axentes da autoridade, por escrito ou verbalmente, a existencia dun vehículo ou dos seus restos presumiblemente abandonados, sen que por tal actuación adquira dereito ningún sobre aqueles ou ó seu valor.

Sección 4ª.- Animais mortos.

Artigo 38.- Prohibese o abandono de cadáveres de animais de toda especie, sobre calquera clase de terreos e, tamén a súa inhumación en terreos de propiedade pública. A sanción por incumprimen-

to desta norma será independente das responsabilidades que estean na normativa de orde sanitaria.

Artigo 39.- 1) As persoas que necesiten desprenderse de animais mortos deberá facelo a través do servizo municipal competente que procederá á súa recollida, transporte e eliminación.

2) Este servizo municipal será gratuito cando se trata de animais domésticos en réxime de convivencia ou cautividade, se se refire a un só exemplar e, a prestación do servizo se solicita de maneira illada e esporádica.

3) O disposto no parágrafo anterior non será aplicable no caso de explotacións gandeiras ou industriais.

Tratamento de residuos.

Artigo 40.- 1) Os depósitos ou vertedoiros para a eliminación de residuos sólidos urbanos son de exclusiva competencia municipal e en canto á súa situación, instalación, forma de verquido e funcionamento darase cumprimento a canto dispoñan as disposicións vixentes sobre esta materia.

2) Todo vertedoiro que non cumpra co establecido no punto anterior, considerase clandestino e inmediatamente clausurado e eliminado, sen prexuízo das sancións previstas e das responsabilidades ás que houbera lugar.

Réxime disciplinario.

Capítulo I.- Normas xerais.

Artigo 41.- 1) Toda persoa natural ou xurídica poderá denunciar diante do Concello as infraccións da presente ordenanza en relación coa materia á que se refire.

2) En canto ó contido das denuncias e ós seus efectos ateranse ó establecido no artigo 41.

3) As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas sinaladas nesta ordenanza, serán esixibles non só polos actos propios, senón tamén polos daquelas persoas de quen se debe responder, e polo proceder dos animais dos que se fose propietario.

4) Cando se trate de obrigas colectivas tales coma o uso, conservación e limpeza de recipientes normalizados, limpeza de zonas comúns, etc, a responsabilidade será atribuída á respectiva comunidade de propietarios ou habitantes do inmoble cando non estea constituída e, para o efecto, as denuncias formularanse a carón dela ou, de se-lo caso, a persoa que ostente a súa representación.

Capítulo II. Infraccións.

Artigo 42.- 1) Consideraranse infraccións administrativas en relación coas materias ás que se refire esta ordenanza, os actos ou omisións que contraveñan o establecido nas normas que integran o seu contido.

2) As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves, conforme se establece nos artigos seguintes:

Artigo 43.- 1) Considéranse infraccións leves:

a) Botar desperdicios na vía pública, así como realiza-las operacións prohibi-

das nos artigos 8 e 12, salvo troca-lo aceite ou outro líquido ós vehículos, así como lavalos.

b) Non instala-las papeleiras esixidas ou a falta de limpeza na vía pública, no suposto do artigo 3º.

c) Non manter en constante estado de limpeza as diferentes partes dos inmobles que sexan vixibles dende a vía pública.

d) Deixar na vía pública e na rede viaria residuos procedentes da limpeza de escaparates, portas ou toldos de establecementos comerciais.

e) Esguizar, lixar ou arrincar carteis ou anuncios.

f) En relación cos recipientes herméticos e cubos normalizados, a falta de coitados destes, colocalos na vía pública ou retiralos fóra do tempo establecido; empregar outros distintos ós autorizados; sacar lixo que os desborden e non colocalos ó paso do camión-colector.

2) Considéranse infraccións graves:

a) A reincidencia nas infraccións leves.

b) Troca-lo aceite e outros líquidos ós vehículos na vía e espazos libres públicos, así como lavalos.

c) Realizar actos de propaganda mediante o lanzamento de carteis, folletos, follas soltas, etc.

d) Omitir as operacións de limpeza despois da carga ou descarga de vehículos ou incumprilas obrigas do artigo 3º e). Non retirar no prazo establecido os refugallos procedentes de obras na vía pública, así como almacenar entullos ou materiais de construción, sen empregar colectores, ou colocalos estes con incumprimento do establecido nas ordenanzas municipais.

f) Non proceder á limpeza das defecacións de cans ou outros animais.

g) Colocar carteis en lugares non permitidos e realizar insercións ou pintadas.

h) Abandonar mobles ou trastes na vía ou espazos públicos.

i) Abandonar cadáveres de animais ou a súa inhumación nos terreos de dominio público.

3) Considéranse infraccións moi graves:

a) A reincidencia nas faltas graves.

b) Adicarse á recollida, transporte ou aproveitamento de residuos sen a debida autorización ou entregalos a quen teña tal dedicación.

c) Non retirar los colectores de entullos no prazo establecido.

Capítulo III Sancións.

Artigo 44.- 1) Sen prexuízo de esixir, cando proceda, as responsabilidades de carácter penal ou civil correspondente, as infraccións ós preceptos da presente ordenanza, en materia de limpeza urbana e residuos sólidos serán sancionados do xeito seguinte:

a) Infraccións leves, multa ata 15.000 ptas.

b) Infraccións graves, multa de 15.000 ptas ata 100.000 ptas.

c) Infraccións moi graves, multas de ata 300.000 ptas.

2) Nos supostos de reincidencia en infraccións moi graves, o órgano competente poderá impo-las sancións previstas na Lei 42/1975, do 19 de novembro, sobre refugallo e residuos sólidos urbanos.

Artigo 45.- 1) Para determina-la contía da sanción atenderase ás circunstancias concorrentes nos feitos que a motivaron, tales como a natureza da infracción, grao de intencionalidade e reincidencia, así como aqueles factores que se poidan considerar como atenuantes ou agravantes".

Diligencia.- Para facer constar que a Ordenanza foi aprobada polo Iltmo. Concello Pleno, na súa sesión ordinaria do día 30 de xullo de 1998, e que estivo exposta ó público segundo o anuncio publicado no BOP nº 135 do 13 de agosto de 1998.

Ribadavia, 24 de setembro de 1998.-
O ALCALDE.

R. 10.690

OURENSE

De conformidade cos artigos 59.4 e 61 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, do 26 de novembro de 1992, faise público ás persoas que a continuación se relacionan, xa que intentada a notificación esta non lles puido ser practicada, que:

Por medio do presente anuncio, e en virtude do que dispón o artigo 64 da LXCA emprázaselas a vostedes, para que no prazo de nove días, contados a partir do día seguinte ó da recepción da presente notificación, se constituán en parte e comparezan nos autos, se fora do seu interese, mediante procurador con asistencia de letrado ou valéndose tan só de avogado con poder para o efecto, no recurso contencioso-administrativo arriba referenciado, que se tramita na Sala do Contencioso-administrativo, Sección Segunda do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a instancia de "Bernardino Pérez Muñoz e Joaquina Eire Moreno" contra o acordo do Concello de Ourense sobre aprobación definitiva da modificación puntual do Plano Xeral de Ordenación Urbana (PXOU) de Ourense, dos sectores urbanos SU-31 zonas 5 e 6, SU-3 rede viaria para implantación dunha ponte sobre o río Miño (BOP 18-3-98, e DOG 7-4-98).

Alonso Suárez, Ricardo
Álvarez Lage, Alicia e outra
Álvarez Lorenzo, Juan
Añel Lorenzo, Emilio
Añel Pereira, Antonio
Barreiros López, J. Ramón
Blanco González, Ramón
Boo Ramos, Lucía Carmen
Canabal Gaiteiro, Isaura e irmáns
Caniña Álvarez, Arsenio
Carbajales, Gumersindo
Carroí García, Josefa

Casares Álvarez, Miguel
Conde Rapela, Elvira
Fernández Fernández, Elias
Fernández Ferrari, Elisa e herdeiros
Fernández Ferrari, Nemesio
Fernández López, Isaac
Fernández Rodríguez, José
Fonseca López, Lisardo
Franco López, Eliseo
González Boo, Aurelia
González Borrajo, José María
González Pereira, Manuel L.
González Vázquez, Manuel
Iglesias Iglesias, Marina
Iglesias López, Andrés
Iglesias Rodríguez, Alfonso
Iglesias Rodríguez, Bautista
Iglesias Rodríguez, Carmen
Iglesias Rodríguez, Manuel e irmáns
Iglesias Torre, Antonio
López Pulido, Elia (herdeiros)
Martínez Bóveda, Luis
Meira, Armindo, Francisco
Miranda Míguez, Josefa
Moreno Santamaría, Elvira
Pardo Fernández, Eladio
Pérez Conde, M^a Isabel
Pérez González, Ignacio
Pérez Veiga, Amelia
Quintela Quintela, Manuel
Rey Pereira, Casimira e outro
Rodríguez Fernández, Manuel
Rodríguez Rodríguez, Dionisio
Sánchez Caride, Jaime
Sarmiento Rodríguez, Rocío
Vázquez González, Hermelinda
Vázquez Rodríguez, Josefa
Vázquez Santás, Luis
Vázquez Vázquez, Benjamín
Vázquez, Constantino
Veiga Dapía, Alejandro e herdeiros

De conformidade co disposto no artigo 102 da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia, comunícase que poden achega-las alegacións que estimen pertinentes polo prazo de vinte días, que empezará a contar a partir do día seguinte á publicación deste anuncio.

Ourense, 16 de setembro de 1998.- O
ALCALDE. Asdo.: Manuel Jaime
Cabezas Enríquez.

R. 10.657

A Comisión municipal de Goberno, na sesión ordinaria que tivo lugar na data 10 de setembro, adoptou, entre outros o seguinte acordo:

1.- Rexeitir integramente a alegación presentada por don Fernando Otero Marquina, en representación de don Tomás de la Fuente Rodríguez, baseándose nos informes técnicos e xurídicos que constan no expediente.

2.- Aprobar definitivamente a pedimento de don Celso Carid Rial, en representación de "Promotora Drinco, SL", o proxecto de urbanización da zona 3 A do SU-14 do PXOU de Ourense, condicionada ó cumprimento das condicións técnicas sinaladas polo Servicio de Enxeñería da data 30 de abril de 1998 e

do Servicio Eléctrico da data 5 de xuño de 1998, á aprobación do proxecto de construción de glorieta na Avda. de Zamora e trala constitución de garantía polo importe de 38.525.109 ptas (trinta e oito millóns cincocentas vintecinco mil cento nove pesetas) para asegurala correcta execución das obras e o seu carácter previo ou simultáneo coas da edificación.

Esta resolución esgota a vía administrativa, polo que é potestativo a interposición do recurso contencioso-administrativo ante a xurisdicción competente no prazo de dous meses, que comezará a partir do día seguinte á presente publicación.

Non obstante ó recurso indicado, poderá utilizar outros que así o creara conveniente.

Este anuncio suple as circunstancias que puideran concorrer no disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Ourense, 21 de setembro de 1998.- O
ALCALDE. Asdo.: Manuel Jaime
Cabezas Enríquez.

R. 10.678

VILARDEVÓS

Unha vez iniciado o procedemento de expropiación forzosa dos bens necesarios para a realización das obras de alargamento do camiño de acceso a Berrande, segundo o proxecto técnico (memoria valorada) aprobado polo Pleno do Concello na súa sesión ordinaria do día 11 de setembro do ano en que andamos, e unha vez declarado de utilidade pública, expónse ó público polo prazo de quince días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación do presente anuncio no BOP ou na Voz de Galicia (edición de Ourense) para que os interesados poidan formula-las alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e o seu estado material ou legal, para achega-los datos que permitan a rectificación dos posibles erros que se estimen cometidos na devandita relación.

Para os efectos de emendar erros na descrición material ou legal dos bens, calquera persoa poderá comparecer para alegar e achegar cantos antecedentes ou referencias sirvan de fundamento en orde ás rectificacións que procedan.

Relación de bens afectados.

Predio núm.; propietario/a domicilio; fachada á estrada (m2); superficie para expropiar (m2); prezo terreo (ptas); importe para aboar.

2; D^a Marina Dolores Alonso Alonso, Vilardevós; 17; 83; 100; 8.300 ptas

3; D^a Marina Dolores Alonso Alonso, Vilardevós; 28; 158; 100; 15.800 ptas

6; D^a Marina Dolores Alonso Alonso, Vilardevós; 30; 154; 100; 15.400 ptas

Total do valor das expropiacións: 39.500 ptas.

Vilardevós, 21 de setembro de 1998.-
O ALCALDE.

R. 10.694